

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezasete de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de febreiro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde do 23 de decembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021 (código de procedemento TR331A). (Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro de 2021).
- Anuncio do Consorcio As Mariñas de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida e tratamento de residuos urbanos e asimilados correspondente ao segundo semestre do ano 2020, que rexerá para os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral e Sada. (Boletín Oficial da Provincia número 29, do 12 de febreiro de 2021).
- Orde do 20 de xaneiro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT130A). (Diario Oficial de Galicia número 29, do 12 de febreiro de 2021).
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na

condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Diario Oficial de Galicia número 30-Bis, do 15 de febreiro de 2021).

- Orde do 15 de febreiro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 30-Bis, do 15 de febreiro de 2021).

### 3º. Expedientes de contratación

#### **3.1. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos, presentados pola empresa Canarga, S.L. adxudicataria da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019. Expediente núm. 2019/C003/000006**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000006 para a contratación por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Canarga, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 9 de xuño de 2020.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Canarga, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 30 de xuño de 2020 e número 202099900001636.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade IPRENOR, S.L.U., adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada pola entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 1 de outubro de 2020 e número de rexistro 202099900003212.

Visto os informes favorables emitidos con data 9 de febreiro de 2021 polo arquitecto municipal, director da obra e responsable do contrato, respecto do Plan de xestión de residuos e do Plan de Seguridade e Saúde.

Visto o informe emitido con data 9 de febreiro de 2021 polo arquitecto municipal, director da obra e responsable do contrato, no que propón eximir ao contratista da presentación de programa de traballo, conforme ao establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte. 2019/C003/000006.

**Segundo:** Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria, *Canarga, S.L.*, e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada pola entidade IPRENOR, S.L.U., para a execución da obra denominada "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte 2019/C003/000006.

**Terceiro:** Eximir á empresa *Canarga, S.L.* da presentación do Programa de traballo, conforme ao establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, para a execución da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte. 2019/C003/000006.

**Cuarto:** Notificar este acordo á empresa *Canarga S.L.*, e a dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Quinto:** Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### 3.2. Desestimación da solicitude de modificación do prazo de execución do contrato relativo ao servizo de organización das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" a celebrar polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2020 e 2021, con opción de prórrogas anuais aos anos 2022 e 2023. Expediente núm. 2020/C004/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Concello de Cambre tramitou o expediente de contratación núm. 2020/C004/000005, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" que organiza o Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023, que foi adxudicado con data 27/10/2020 á entidade "Camping Os Fieitás S.L.", no prezo anual ofertado de 15.187,48 euros sen IVE, 18.376,85 euros IVE incluído, resultando o importe total para os dous anos de contrato 30.374,96 euros sen IVE, 36.753,70 euros IVE incluído, e asinado o correspondente contrato con data do 10 de novembro de 2020.

Con data 13/11/2020 e núm. 20209990004207 do rexistro telemático, don Carlos Jesús Fiuza Miranda en representación da entidade Camping Os Fieitas, S.L., solicita a posibilidade de realizar no ano 2024, as rutas previstas para o ano 2020 e que non se puidesen levar a cabo, tendo en conta que o proceso de contratación atrasouse por mor da pandemia da COVID 19 e o contrato foi formalizado con data 10/11/2020.

Visto que con data 19 de novembro de 2020 o coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato, emitiu informe favorable á modificación solicitada pola entidade adxudicataria.

Visto o informe conxunto emitido pola secretaria xeral e polo interventor municipal, de data 11 de febreiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

#### «I. ANTECEDENTES

1.- O Concello de Cambre tramitou o expediente de contratación núm. 2020/C004/000005, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do Programa "Vente de Marcha" que organiza o Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023, que foi adxudicado con data 27/10/2020 á entidade "Camping Os Fieitás S.L.", no prezo anual ofertado de 15.187,48 euros sen IVE, 18.376,85 euros IVE incluído, resultando o importe total para os dous anos de contrato 30.374,96 euros sen IVE, 36.753,70 euros IVE incluído, e asinado o correspondente contrato con data do 10 de novembro de 2020.

Segundo a cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, a duración deste será desde a firma do mesmo en documento administrativo e durante un prazo que abarca os **anos naturais 2020 e 2021, prazo que poderá ser obxecto de dúas prórrogas anuais, que abarquen os anos 2022 e 2023**, previo acordo do órgano de contratación adoptado polo menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato ou da súa prórroga, de xeito que a prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista a teor do establecido no art. 29.2 da LCSP.

2.- Con data 13/11/2020 e núm. 20209990004207 do rexistro telemático, don Carlos Jesús Fiuza Miranda en representación da entidade Camping Os Fieitas, S.L., solicita a **posibilidade de realizar no ano 2024, as rutas previstas para este ano 2020 e que non se poidan levar a cabo**, tendo en conta que o proceso de contratación atrasouse por mor da pandemia da COVID 19 e o contrato foi formalizado con data 10/11/2020.

3.- Con data 19 de novembro de 2020, o coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato, emitiu informe favorable no que se indica expresamente que “...visto o disposto na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, queda interrompido o prazo do procedemento, que se atopaba en proceso de presentación de ofertas, ata o 5 de xuño que se reanudou dito prazo. Esta cuestión retrasou a tramitación do expediente, iniciado no mes de febreiro, imposibilitando o desenvolvemento da totalidade do obxecto do contrato previsto para o ano 2020. Por isto, o funcionario informante considera que cabe a posibilidade de trasladar ao ano 2024 aquelas rutas previstas no contrato para o ano 2020, que non se puideron realizar pola pandemia, en virtude do disposto no citado artigo 205 apartado 2 letras b e c, tal e como solicita a entidade adxudicataria.”

## II. LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Disposición Adicional Segunda, punto primeiro, e art. 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), en canto ao órgano competente, sendo competente para acordar a modificación contractual o mesmo órgano que o sexa para a aprobación do expediente de contratación, neste suposto, o Sr. alcalde do Concello de Cambre, e, segundo delegación competencial efectuada por Resolución da Alcaldía nº 447/2016, de data 18 de marzo, a Xunta de Goberno Local.

2. Arts. 36 e 37 e 153 da LCSP respecto da perfección e forma dos contratos.

3. Arts. 190, 191 e 203 a 207 da LCSP, respecto das modificacións contractuais

Tendo en conta os antecedentes e con base na lexislación aplicable, emítense o presente

### INFORME:

**Primeiro:** Respecto da perfección dos contratos, o artigo 36 da LCSP “Perfección dos contratos” establece:

“1. Os contratos que subscriban os poderes adxudicadores, con excepción dos contratos menores e dos contratos baseados nun acordo marco e dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición a que se refire o número 3 deste artigo, perfecciónanse coa súa formalización.

2. Os contratos subvencionados que, de conformidade co disposto no artigo 23 desta lei, se deban considerar suxeitos a regulación harmonizada, perfeccionaranse de conformidade coa lexislación pola cal se rexan. As partes deberán notificar a súa formalización ao órgano que outorgou a subvención.

3. Os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición perfecciónanse coa súa adxudicación.

4. Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos do sector público entenderanse subscritos no lugar onde estea a sede do órgano de contratación.”

O artigo 37 do citado texto normativo regula o carácter formal da contratación do sector público:

“1. As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme o sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia.

2. Os contratos que subscriban as administracións públicas formalizaranse de acordo co previsto no artigo 153, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores no artigo 118.

(...)”

Por último, o artigo 153 regula a formalización dos contratos administrativos:

“1. Os contratos que subscriban as administracións públicas deberanse formalizar en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación. O dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Con todo, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, e serán pola súa

conta os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Nos contratos baseados nun acordo marco ou nos contratos específicos dentro dun sistema dinámico de adquisición non resultará necesaria a formalización do contrato.

2. No caso dos contratos menores definidos no artigo 118 acreditarase a súa existencia cos documentos a que se refire o dito artigo.

3. Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 44, a formalización non se poderá efectuar antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. As comunidades autónomas poderán incrementar este prazo, sen que exceda un mes.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán o adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcurrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que implique a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para resolver o recurso levantase a suspensión.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberase efectuar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.

(...)

6. Sen prexuízo do establecido nos artigos 36.1 e 131.3 para os contratos menores, e no artigo 36.3 para os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, e salvo que a tramitación do expediente de contratación sexa por emerxencia de acordo co previsto no artigo 120, non se poderá executar o contrato con carácter previo á súa formalización."

Así pois, a formalización do contrato, que consiste na súa plasmación nun documento formal subscrito polo órgano de contratación e polo adxudicatario, é un requirimento necesario para a perfección do contrato (coas excepcións previstas nos ditos artigos), cuxos efectos son:

1.- Xorden os dereitos e obrigas para as partes.

2.- Poderá iniciarse a execución do contrato, sen prexuízo das peculiaridades establecidas na propia lei.

**Segundo:** O artigo 190 da LCSP establece que os órganos de contratación ostentan, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

A Lei dos contratos do sector público determina que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se preveu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Diferenciando polo tanto, dous tipos de modificacións (as previstas e as non previstas), ás que destina especificamente os seus artigos 204 e 205 respectivamente.

Como se fixo constar nos antecedentes, ante a solicitude do adxudicatario de realizar no ano 2024 as rutas previstas para o 2020 que non se puideron levar a cabo no dito exercicio, iso como consecuencia do atraso na contratación motivado na pandemia do COVID-19, formalizándose o contrato o 10 de novembro de 2020, o coordinador de actividades culturais e educativas emite informe favorable con base no establecido no artigo 205, apartado 2, letras b) e c).

O dito artigo refírese ás modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares:

“Artigo 205. *Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.*”

1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior só se poderán realizar cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que encontre a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no punto segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto primeiro deste artigo, son os seguintes:

(...)

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre que se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1.º Que a necesidade da modificación derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.
- 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, o 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, con indicación das razóns polas cales esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao subscrito nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

(...)”

Como se infire da propia literalidade do artigo, a necesidade de modificar un contrato vixente derivase de **circunstancias sobrevidas con posterioridade á formalización do contrato** e que foran imprevisibles, no presente suposto, a partir do 10 de novembro do 2020, **momento a partir do cal xorden os dereitos e obrigas para as dúas partes.**

Por outro lado, e a xuízo dos funcionarios informantes, o atraso na formalización do contrato ao 10 de novembro de 2020 non pode achacarse unicamente ao atraso na presentación de ofertas derivado da suspensión de prazos establecida polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, pois o prazo final de presentación finalizou o 11 de xuño de 2020, e, por outro lado, aceptar a solicitude do adxudicatario levaría consigo o recoñecemento dun dereito que de ningún modo ostenta se, como vimos, os dereitos e obrigas xorden a partir da perfección ou formalización do contrato.

Por último, debe terse en conta que o traslado para o ano 2024 das rutas previstas para o ano 2020 supón o recoñecemento dun dereito e, no seu caso, posterior indemnización, por canto tal recoñecemento leva consigo partir do feito de que durante a vixencia do contrato o adxudicatario vai cumprir a plena satisfacción, sen imposición de penalidades nin, no seu caso, incorrer en ningunha causa de resolución do contrato previstas na cláusula 31 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta canto antecede, infórmase desfavorablemente a proposta do coordinador de actividades culturais e educativas de trasladar ao ano 2024 as rutas previstas para o ano 2020, e fórmase a seguinte proposta de acordo a adoptar:

**Primeiro:** Desestimar a solicitude presentada por don Carlos Jesús Fiuza Miranda en representación da entidade “Camping Os Fieitas, S.L.”, adxudicataria do contrato correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do programa “Vente de Marcha” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre

para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023, expediente núm. 2020/C004/000005, por canto levaría consigo recoñecer un dereito que non ostenta, dado que os dereitos e obrigas tanto para o adxudicatario como para o concello xorden coa formalización do contrato o día 11 de novembro de 2020, iso a teor do establecido nos artigos 36, 27 e 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**Segundo:** A duración do contrato, tal e como establece a cláusula 6 do PCAP e cláusula III do contrato formalizado, abarca dende o 11 de novembro de 2020 ata o 31 de decembro de 2021, prazo que poderá ser obxecto de prórrogas anuais, logo da tramitación do correspondente expediente para o efecto, e que poderán abarcar os anos 2022 e 2023.

**Terceiro:** Notifíquese á empresa adxudicataria, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Cuarto:** Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal para os efectos oportunos.»

Visto canto antecede, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Desestimar a solicitude presentada por don Carlos Jesús Fiuza Miranda en representación da entidade “Camping Os Fieitas, S.L.”, adxudicataria do contrato correspondente ao servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do programa “Vente de Marcha” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023, expediente núm. 2020/C004/000005, por canto levaría consigo recoñecer un dereito que non ostenta, dado que os dereitos e obrigas tanto para o adxudicatario como para o concello xorden coa formalización do contrato o día 11 de novembro de 2020, iso a teor do establecido nos artigos 36, 27 e 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**Segundo:** A duración do contrato, tal e como establece a cláusula 6 do PCAP e cláusula III do contrato formalizado, abarca dende o 11 de novembro de 2020 ata o 31 de decembro de 2021, prazo que poderá ser obxecto de prórrogas anuais, logo da tramitación do correspondente expediente para o efecto, e que poderán abarcar os anos 2022 e 2023.

**Terceiro:** Notifíquese á empresa adxudicataria, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Cuarto:** Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 5 ao día 11 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local número 159/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 191/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
159/2021	05-02-2021	Concesión de premios correspondentes ao XII Concurso de Escaparates de Nadal 2020
160/2021	05-02-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de febreiro de 2021
161/2021	05-02-2021	Resolución nomeamento axente policía local en comisión de servizos
162/2021	08-02-2021	Resolución de primeiras alegacións multas tráfico - Ordinario
163/2021	08-02-2021	Concesión de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a O.V.M.
164/2021	06-02-2021	Recoñecemento de obrigas das subvencións concedidas en Consolida Cambre II
165/2021	08-02-2021	Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e varias entidades sen fins lucrativos para a realización de traballo práctico na ocupación de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións dentro do obradoiro de emprego "PROXEDIS -PROWEB II" 2020-2021
166/2021	08-02-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a N.C.L. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
167/2021	08-02-2021	Denegación axuda alimentación básica e hixiene persoal a M.F.C.R. por superarse o saldo medio de aforro establecido pola ordenanza reguladora
168/2021	08-02-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 70.941,36 €
169/2021	08-02-2021	Concesión de licenza municipal a UFD Distribución Electricidad, S.A., para



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		obras de mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica no Drozo, Cambre
170/2021	08-02-2021	Reposición da legalidade urbanística por obras diversas sen comunicación previa de obras, no interior da parcela sita na rúa Wenceslao Fernández Flórez, Cambre. Referencia catastral 3237xxxx. Propiedade: M.J.L.R.
171/2021	08-02-2021	Resolución bases convocatoria lista conserxes
172/2021	09-02-2021	Concesión axuda vale de alimentos a R.C.C.T. durante un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
173/2021	09-02-2021	Concesión axuda vale de alimentos a M.C.D. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
174/2021	09-02-2021	Avocación de competencias no expediente 2021/C002/000011 - Contrato menor para a restauración da carpintería exterior de madeira na Casa Consistorial.
175/2021	09-02-2021	Instalación alarma e control de acceso nos novos locais de Servizos sociais
176/2021	09-02-2021	Concesión axuda lentes correctoras a Y.G.E. por importe de 150 euros
177/2021	09-02-2021	Concesión axuda vale de alimentos a L.C.G.G. durante un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
178/2021	09-02-2021	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de novembro de 2020.
179/2021	09-02-2021	Nomeamento de docente para impartir os módulos transversais do Obradoiro de Emprego PROXEDIS PROWEB II. (Igualdade, Sensib Ambiental, PRL y TBE). 35 horas
180/2021	09-02-2021	Levantamento de reparos emitidos pola Intervención municipal no expediente de concesión de axuda de emerxencia social (2020/G003/001716)
181/2021	09-02-2021	Nomeamento de docente para impartir o curso de formación en Manipulador de Alimentos, dentro do Obradoiro de Emprego PROXEDIS PROWEB II. 2020/21
182/2021	09-02-2021	Nomeamento de docente para impartir a formación: Preparación das probas libres para a obtención do Título de Graduado en ESO. Obradoiro de Emprego PROXEDIS PROWEB II. 60 horas.
183/2021	10-02-2021	Acordos de inicio – Multas de tráfico
184/2021	10-02-2021	Alta no servizo de axuda no fogar(J.L.L.R.)
185/2021	10-02-2021	Solicitud de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia para a realización dun obradoiro dual de emprego: "PROXEDIS-PROWEB III"(Profesionais en Xeriatría e Discapacidade e PROfesionais WEB) 2021
186/2021	10-02-2021	Solicitud de subvención ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2021) dirixida a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para contratar persoal técnico deportivo
187/2021	11-02-2021	Concesión axuda emerxencia social gastos farmacéuticos a C.R.G. por importe de 17,10 euros.
188/2021	11-02-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a S.M.C.P. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
189/2021	11-02-2021	Aprobación da campaña polo día internacional da muller 2021

190/2021	11-02-2021	Denegación axuda aluguer a C.A.R.L. por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade
191/2021	11-02-2021	Incorporación de remanentes 2/2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Adxudicación do contrato menor de servizos para a redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, a prol do arquitecto don Alejandro Rodríguez González, no prezo ofertado de 13.200,00 euros sen IVE, 15.972,00 euros (IVE incluído). Expediente número 2021/C002/000007
- Aprobación do expediente de contratación número 2020/C003/000002, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á obra "Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña
- Aprobación do expediente de contratación número 2020/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á obra "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 da Deputación Provincial da Coruña

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Adxudicación do contrato menor de servizos para a redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, a prol do arquitecto don Alejandro Rodríguez González, no prezo ofertado de 13.200,00 euros sen IVE, 15.972,00 euros (IVE incluído). Expediente número 2021/C002/000007**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 25/01/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, modificado por outro posterior de data 11/02/2021, do servizo de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, asinado polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado no exercicio das competencias municipais en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas, segundo establece o artigo 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 8 da Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia, que establece como competencias dos municipios, apartados 3 e 4 respectivamente; "Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal...". "Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da

súa titularidade, ... e coidar a súas condicións de hixiene e seguridade” e apartado 9 “Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e contribúa aos fins e obxectivos da presente Lei”, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

En dito informe indícase que se considera “precisa a citada contratación, xa que se trata de mellorar as condicións de realización de exercicio seguro e que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades realizadas polos usuarios condicionadas pola situación pandémica da Covid 19. Trátase de obter maior espazo persoal e de seguridade para a realización das mesmas. Polo que se considera urxente incoar este expediente de contratación. Coa intención de mellorar os servizos ofrecidos polo Complexo Deportivo Municipal da Barcala, considérase urxente dotar a dita instalación municipal dunha nova sala diáfana e polivalente de 18.9 x 7.55 metros, que permita o desenvolvemento de novas disciplinas. Tamén a ampliación do patio-xardín existente a norte do edificio actual, conectado con zonas comúns da planta semisótano do edificio, co que se ampliará a superficie de salas.”

Achégase ao informe-proposta a Memoria valorada , modificada con data do 11 de febreiro de 2021, para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, elaborada polo coordinador da Área de Cultura , Deportes e Xuventude municipal, por un importe total de 14.409,67 € sen IVE, 17.435,70 € IVE incluído, así como a relación de licitadores a invitar no procedemento.

Con data do 24 de xaneiro de 2021 emítase informe polo coordinador da Área de Cultura , Deportes e Xuventude municipal, relativo á non división en lotes do obxecto do contrato.

Con data do 25 de xaneiro de 2021 asínase polo mesmo funcionario municipal un informe referido á “Justificación del importe del contrato para la “redacción del proyecto básico y de ejecución, dirección de obra, dirección de ejecución y coordinación de seguridad y salud para la ampliación del Complejo Deportivo Municipal de la Barcala”, no que desagrega a estimación dos traballos a realizar.

Con data 26/01/2021 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342. 22706, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 02/02/2021 emítase informe asinado polo coordinador da Área de Cultura municipal, no que consta que foron invitados os seguintes licitadores :

- Carlos Vila Santos
- Lisardo Cáceres Romero
- Alejandro Rodríguez González

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Licitador	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
CARLOS VILA SANTOS	17.424,00 €
LISARDO CACERES ROMERO	16.563,69 €
ALEJANDRO RODRIGUEZ GONZALEZ	15.972,00 €

formulando proposta de adxudicación do contrato menor do servizo de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación

do Complexo deportivo municipal da Barcala a prol de don Alejandro Rodríguez González , co DNI \*\*\*\*\*103K , no prezo ofertado de 13.200,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 15.972,00 euros (IVE incluído), por ser o licitador que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Vistos os informes emitidos pola técnica de xestión de Administración Xeral con datas do 5 de febreiro e 11 de febreiro de 2021, así como o informe de fiscalización emitido polo interventor da Corporación nº 33/2021 de data 12 de febreiro de 2021.

Tendo en conta os informes emitidos polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude con datas do 8 e 11 de febreiro actuais, nos que consta que este expediente de contrato menor nº 2021/C002/000007 está vinculado a unha subvención para a creación e mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamento municipais, regulada pola Orde do 30 de decembro de 2020, publicada no DOG nº 12 do 20 de xaneiro de 2021 (Código de procedemento PR486A), que conta cun prazo de solicitude que remata o 21 de febreiro actual.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a Memoria valorada para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, elaborada polo coordinador da Área de Cultura , Deportes e Xuventude municipal, por un importe total de 14.409,67 € sen IVE, 17.435,70 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342. 22706

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000007, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o contrato de servizos para a redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, a prol do arquitecto don Alejandro Rodríguez González , co DNI \*\*\*\*\*103K e domicilio en

Rúa Cancela de Afuera nº 24, baixo esquerda, 15005 A Coruña, no prezo ofertado de 13.200,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 15.972,00 euros (IVE incluído), por ser o licitador que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Para a execución dos labores incluídos no contrato, o adxudicatario contará coa colaboración do aparelador don Juan Pablo Feal Miragaya, quen exercerá os labores de dirección da execución e coordinación de seguridade e saúde.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Aprobación do expediente de contratación número 2020/C003/000002, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á obra "Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 19/11/2019 elabórase pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, o proxecto denominado "Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema", cun orzamento base de licitación de 74.103,68 € sen IVE, 89.665,45 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 27 de novembro de 2019 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a actuación prevista atópase no ámbito de afección da estrada DP-1704, polo que deberá obterse autorización previa da Deputación Provincial da Coruña.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña.

Con data do 17 de decembro de 2019 recíbese no Concello de Cambre a autorización para execución da obra, remitida polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña.

Con data 13 de febreiro de 2020, recibíuse requirimento da Deputación Provincial da Coruña para a emenda do proxecto, polo que, con data 20 de febreiro de 2020 a técnica redactora asinou o proxecto "*Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema. Supervisado*", modificando exclusivamente cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica.

O proxecto foi aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 300/2020, do 21 de febreiro de 2020, a cal foi ratificada polo Pleno municipal en sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2020.

Con data 14 de outubro de 2020 consta novo informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2020 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 25 de outubro de 2019 e publicadas no BOP núm. 208, do 31 de outubro de 2019. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2020/23130, do 29 de xullo de 2020, considerouse definitivamente aprobado o plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", de data 30 de xuño de 2020, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Cómpre ter en conta que a Deputación Provincial da Coruña aprobou novos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 27 de novembro de 2020, publicados no BOP núm. 207, do 3 de decembro de 2020.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema. Supervisado	89.665,45 €	0,00 €	89.665,45 €

Consta Acta de replanteo do proxecto, asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, redactora do proxecto, con data do 27 de agosto de 2020

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data do 11/02/2021 con cargo á aplicación orzamentaria 161.61900 e por importe de 74.103,68 € sen IVE (IVE deducible).

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 27 de agosto de 2020, modificado posteriormente con data 10 de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de Camiños-Xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020 (BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020).

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 12 de febreiro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaria e o Interventor municipais con data do 15 de febreiro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente a renovación da rede de abastecemento de auga en Corgo, Outeiro e Bandedó, parroquia de Brexo-Lema, polo que o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado c), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "c) abastecemento de auga potable a domicilio..."*), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000002, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato: *"Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandedó, parroquia de Brexo-Lema. Supervisado"*, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de licitación: 89.665,45 euros IVE incluído



- Valor estimado: 81.514,05 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 3 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** De conformidade co establecido na Base Setima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP do 31/10/2019, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020 (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 74.103,68 € sen IVE (IVE deducible) por conta da aplicación orzamentaria 161.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal- xefe da Sección de Servizos don Óscar Souto Muiño, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos

artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación número 2020/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á obra "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas" obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 da Deputación Provincial da Coruña**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 28/11/2018 elabórase polo enxeñeiro de Camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, o proxecto denominado "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas", cun orzamento base de licitación de 54.982,73 € sen IVE, 66.529,10 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 25 de novembro de 2019 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Complementario do ano 2020 da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2020 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles", no marco das súas Bases reguladoras modificadas aprobadas mediante acordo plenario do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP núm. 66, do 5 de maio de 2020.

Mediante Resolución da Presidencia núm. 24870 do 24 de agosto de 2020, considerouse definitivamente aprobado o plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles", de data de agosto de 2020, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Cómpre ter en conta que a Deputación Provincial da Coruña aprobou novos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 27 de novembro de 2020, publicados no BOP núm. 207, do 3 de decembro de 2020.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas	66.529,10 €	0,00 €	66.529,10 €

Consta a acta de replanteo asinada polo enxeñeiro de Camiños municipal con data 14 de setembro de 2020.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 11/02/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532.61900, por importe de 66.529,10 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 28 de agosto de 2020, modificado posteriormente con data 10 de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de Camiños-Xefe da sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020 (BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020).

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 15 de febreiro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaria e o Interventor municipais con data do 15 de febreiro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente a mellora da pavimentación das rúas Miguel González Garcés e Lagoa, así como do camiño das Gamelas, dado que, polo natural uso dos bens e debido ao tráfico abundante na zona, produciuse un menoscabo na calzada, polo que é necesaria a súa conservación e mantemento, polo que o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) infraestructura viaria..."*), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato: *"Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas"*, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **POS+ Adicional 2/2020** para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de licitación: 66.529,10 euros IVE incluído
- Valor estimado: 60.481,00 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 4 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP do 31/10/2019, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020 (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 66.529,10 € por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanõe, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.



Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia